



COMUNICADO

Benquerida familia dos Centros Deportivos Oleiros,

Trala última orde publicada no Diario Oficial de Galicia Nº16-Bis do 26 de xaneiro de 2021, a situación actual é a seguinte:

- **Dende o mércores 27 de xaneiro de 2021 e ata a revisión do 17 de febreiro de 2021, os Centros Deportivos permanecerán PECHADOS.**

Isto quere dicir que:

- Dende o peche e ata que retomemos a nosa actividade, as cuotas dos abonos e os cursiños quedarán conxeladas de xeito automático sen precisar trámite engadido.
- Compensaremos os servizos non gozados nos primeiros días da reapertura. Comezando o pago dos servizos unha vez finalizado ese período compensatorio.
- Manterémosvos informados. Ata a data da revisión do DOG, que será o 17 de febreiro de 2021, os Centros permanecerán pechados e agardando as novas indicacións que poidan surxir segundo estimen oportuno as Autoridades Competentes. Seguidе atentos ás nosas indicacións por as nosas canles de comunicación habituais.

Para os Centros Deportivos Oleiros o fundamental é a seguridade de todos, e por iso dende o inicio desta pandemia adoptamos tódalas medidas de seguridade necesarias e restricións marcadas polas autoridades sanitarias para facer fronte ao COVID-19.

Tamén insistimos en que **o deporte é fundamental para a nosa saúde**. É moi importante que sigas adestrando para manter forte o teu sistema inmunitario.

Queremos recordarnos a todos que estamos xuntos nisto e que é moi importante que **nos sigamos coidando moito!**

[#DeporteSaúde](#) [#CoidamosATúaSaúde](#)

[#SempreContigo](#) agora máis que nunca!

Oleiros, 26 de xaneiro de 2021